

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Cambre, recordándolle que, de conformidade co disposto na normativa de réxime local e de procedemento administrativo, o Concello de Cambre debe tramitar as denuncias sobre incumprimentos das ordenanzas municipais e leis coa dilixencia debida e nos seus correspondentes prazos

Expediente: C. 8. Q/13302/23

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2023

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de XXX, referente a molestias polos ladridos de cans a finca colindante no Concello de Cambre.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data do 26 de xullo do ano en curso (R. E. 18657/23), a promotora deste expediente formulou queixa ante a Valedora do Pobo, na que se indica na súa literalidade que:

“Contaminación acústica por ladridos constantes de dos perros en finca contigua en zona urbana.

Desde el 26 de septiembre de 2022, el Concello de Cambre conoce esta problemática, a través de múltiples quejas telefónicas y telemáticas a la policía local y quejas tramitadas en la sede electrónica del Concello, cursadas por la interesada que formula este escrito y por otros/as vecinos/as de la zona.

La exposición a los ladridos comenzó siendo en horario nocturno y diurno. Actualmente es constante durante 12-14 horas diarias.

Para explicar la naturaleza y frecuencia de la exposición a los ladridos de los animales paso a detallar:

1- *Son dos perros de raza Pitbull y Afgana.*

2- *Los perros están de forma permanente en el patio de la finca entre 12-14 horas diarias. Permanecen solos largos períodos de tiempo a diario, y en ocasiones han estado hasta 4 días, de forma ininterrumpida, en el patio de la finca y sin supervisión de los propietarios (ausentes del domicilio).*

3- *Se han producido varios episodios en los que se nos ha imposibilitado el descanso en horario nocturno.*

4- *Los perros están expuestos a estímulos constantes por tránsito de vehículos, personas y otros animales que les originan un estado de nerviosismo constante y cuya respuesta es el ladrido, aullido, lamentos...En este sentido, tampoco reciben atención por parte de los dueños dirigida a mitigar esta situación de estrés a la que están expuestos. Así como tampoco les proporcionan ningún otro tipo de ejercicio físico desde el 26/09/2022.*

5- *Esta situación ha supuesto una completa alteración de las rutinas del descanso necesario, de las rutinas de estudio y teletrabajo, míos y del resto de miembros de la unidad familiar, así como de las actividades de ocio dentro de mi propia vivienda (lectura, tv, etc).*

Esto viene determinado por la frecuencia e intensidad de los ladridos y también por las características de mi vivienda y de mi ocupación profesional, ya que, todas las estancias de descanso de mi vivienda están orientadas al patio de la finca urbana donde habitan los perros, y soy sanitaria con horarios nocturnos, lo cual me obliga a descansar necesariamente en horario diurno.

También es reseñable que el propietario de los animales ha tenido expediente abierto en la Consellería de Medio Ambiente relacionado con la tenencia de animales de raza peligrosa (nº expediente ANP-CO-0063/2015-V) y es, en la actualidad, una persona, que me consta fehacientemente que tiene antecedentes penales.

Ante esta situación he tramitado reclamaciones y quejas al Concello de Cambre a través de la policía local y de la sede electrónica de forma repetida desde el 26 de septiembre del 2022 hasta la actualidad; denuncia ante el SEPRONA con fecha 7 de junio de 2023 y, denuncia de infracción penal por amenazas de muerte (en presencia de la policía local y guardia civil de Cambre) el día 25 de junio de 2023 en la comandancia de la Guardia civil de Culleredo (horario servicio de guardia).

Considero que las instituciones que deben salvaguardar los derechos de los animales pero, también el mío al descanso y disfrute de mi vivienda, no están actuado con diligencia de cara a resolución del problema (casi 12 meses expuestos a actitudes incívicas e infracciones de normativa municipal). En el caso del Concello de Cambre se le ha solicitado, por escrito y verbalmente, desde el inicio de la problemática que realizasen una medición acústica, la cual han declinado a través de la jefatura de la policía local como "no necesaria".

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe a ese concello con data do 1 de agosto de 2023.

TERCEIRO.- Con data do 10 de agosto (R.E. 19138/23), recíbese nesta institución un informe remitido polo Concello de Cambre, no que se fai constar literalmente o seguinte:

"Asunto: actuacións da Policía Local de Cambre en relación á queixa presentada ante a Valedora do Pobo. Expediente C.8.Q/13302/23.

Referencia: 3999/23

Destinataria: Valedora do Pobo.

Trasladada a esta Xefatura de Policía Local a queixa formulada ante esa institución por XXX, infórmase:

A queixa fai alusión á problemática xerada pola presenza e comportamento das persoas moradoras e de dous cans que conviven con estas na Rúa XXX deste municipio.

Segundo consta nos arquivos policiais esta PL levou a cabo varias intervencións, denunciadas, segundo a diferente casuística, pola vía administrativa ou penal. Relaciónanse as mesmas:

·Por feitos acaecidos o 5 de maio de 2023, instruíronse dilixencias e posteriormente foron enviadas á Garda Civil do posto de Cambre para a súa remisión ao Xulgado de Garda por atentado a axente da autoridade, resistencia e delito de violencia de xénero por malos tratos físicos. Nesta actuación resultaron lesionados dous axentes desta PL, necesitando asistencia en centro sanitario, sendo o autor o morador e responsable dos cans da R/ XXX. Estas dilixencias inclúense no atestado n° 52/2023 da PL.

·O 7 de decembro de 2023 o mesmo cidadán foi interceptado por esta PL no seu vehículo e instruíronselle dilixencias ao Xulgado de Garda por senllos delitos contra a seguridade viaria

(conducir baixo a influencia de bebidas alcohólicas e negativa a someterse ás probas de alcoholemia).

·Por feitos sucedidos o 03/10/2022 cursouse denuncia por infracción á Ordenanza de protección contra a contaminación acústica do Concello de Cambre. Consta esta denuncia coa referencia 119/2022.

·Por feitos acaecidos o 05/11/2022 cursouse denuncia por infracción á Ordenanza de protección contra a contaminación acústica do Concello de Cambre. Consta esta denuncia coa referencia 128/2022.

·Por feitos acaecidos o 05/11/2022 cursouse denuncia por infracción á Ordenanza municipal reguladora da posesión de animais domésticos e de animais salvaxes en cativeiro, da licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos e do seu rexistro. Rexístrase esta denuncia coa referencia 132/2022.

·Por feitos acaecidos o 17/11/2022 cursouse denuncia por infracción á Ordenanza municipal reguladora da protección do medio ambiente contra a emisión e recepción de ruídos e vibracións perturbadores e do exercicio das actividades de esparexemento e/o recreativas sometidas a licenza. Consta esta denuncia coa referencia 135/2022.

·Por feitos sucedidos o 07/12/2022 cursouse denuncia por infracción á Lei Orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, pola falta de respecto e consideración aos axentes. Consta esta denuncia coa referencia 144/2022.

·Por feitos acaecidos o 08/12/2022 cursouse denuncia por infracción á Ordenanza municipal reguladora da protección do medio ambiente contra a emisión e recepción de ruídos e vibracións perturbadores e do exercicio das actividades de esparexemento e/o recreativas sometidas a licenza. Consta esta denuncia coa referencia 143/2022.

·Por feitos acaecidos o 26/01/2023 cursouse denuncia por infracción á Ordenanza municipal reguladora da protección do medio ambiente contra a emisión e recepción de ruídos e vibracións perturbadores e do exercicio das actividades de esparexemento e/o recreativas sometidas a licenza. Consta esta denuncia coa referencia 006/2023.

·Por feitos acaecidos o 24/05/2023 cursouse denuncia por infracción á Ordenanza municipal reguladora da posesión de animais domésticos e de animais salvaxes en cativeiro, da licenza

para a posesión de animais potencialmente perigosos e do seu rexistro. Rexístrase esta denuncia coa referencia 34/2023.

·Por feitos acaecidos o 25/05/2023 cursouse denuncia por infracción á Ordenanza municipal reguladora da posesión de animais domésticos e de animais salvaxes en cativeiro, da licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos e do seu rexistro. Rexístrase esta denuncia coa referencia 26/2023.

·Por feitos acaecidos o 30/05/2023 cursouse denuncia por infracción á Ordenanza municipal reguladora da posesión de animais domésticos e de animais salvaxes en cativeiro, da licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos e do seu rexistro. Rexístrase esta denuncia coa referencia 27/2023.

·Por feitos acaecidos o 31/05/2023 cursouse denuncia por infracción á Ordenanza municipal reguladora da posesión de animais domésticos e de animais salvaxes en cativeiro, da licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos e do seu rexistro. Rexístrase esta denuncia coa referencia 28/2023.

·Por feitos acaecidos o 01/06/2023 cursouse denuncia por infracción á Ordenanza municipal reguladora da posesión de animais domésticos e de animais salvaxes en cativeiro, da licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos e do seu rexistro. Rexístrase esta denuncia coa referencia 29/2023.

·Por feitos sucedidos o 03/06/2023 cursouse denuncia por infracción á Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia. Rexístrase esta denuncia coa referencia 30/2023.

·Por feitos acaecidos o 25/06/2023 cursouse denuncia por infracción á Ordenanza municipal reguladora da protección do medio ambiente contra a emisión e recepción de rúidos e vibracións perturbadores e do exercicio das actividades de esparexemento e/o recreativas sometidas a licenza. Consta esta denuncia coa referencia 43/2023.

·Por feitos sucedidos o 25/06/2023 cursouse denuncia por infracción á Lei Orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, por causar desordes nas vías, espazos ou establecementos públicos, ocasionando unha alteración grave da seguridade cidadá. Consta esta denuncia coa referencia 44/2023.

·Por feitos sucedidos o 30/07/2023 cursouse denuncia por infracción á Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia. Rexístrase esta denuncia coa referencia 58/2023.

En canto á alusión que realiza XXX no seu escrito no sentido de que esta Xefatura de Policía Local consideraba "non necesaria" a realización dunha medición acústica no seu domicilio, o subscribinte non realizou esta afirmación no sentido que puidese entenderse por parte de quen reciba a queixa de que "non necesaria" implicaría a negación dos ruídos ou das molestias. Esta non é a interpretación que ha de darse pois, tal e como se lle explicou por este Inspector-xefe á XXX, esta tipoloxía de ruídos, unha vez comprobados polos axentes son denunciabes sen a necesidade da medición acústica. Proba diso é que varias das denuncias relacionadas anteriormente son precisamente polos ruídos xerados e ningunha delas leva implícita medición de ruídos algunha".

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

Primeira: O contido do informe reflicte a constatación da problemática exposta pola promotora deste expediente de queixa, toda vez que ese concello leva cursando xa dende o ano 2022, diferentes denuncias por infraccións de ordenanzas municipais e leis.

As denuncias son reiteradas no tempo dende o ano 2022 e os motivos das mesmas son de diferente tipoloxía:

Nomeadamente:

- denuncias por infracción á Ordenanza de protección contra a contaminación acústica.
- denuncias por infracción á Ordenanza municipal reguladora da posesión de animais domésticos e de animais salvaxes en cativeiro, da licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos e do seu rexistro.

- denuncia por infracción á Ordenanza municipal reguladora da protección do medio ambiente contra a emisión e recepción de ruídos e vibracións perturbadores e do exercicio das actividades de esparexemento e/o recreativas sometidas a licenza.
- denuncias por infracción á Lei Orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, por causar desordes nas vías, espazos ou establecementos públicos, ocasionando unha alteración grave da seguridade cidadá.
- denuncia por infracción á Lei Orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, pola falta de respecto e consideración aos axentes.
- denuncia por infracción á Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

Segunda: No informe remitido por ese ente local non se proporcionan datos sobre os procedementos tramitados e no seu caso as sancións impostas.

Terceira: É obrigado que os poderes públicos respondan con contundencia fronte a conductas reprobables como as abordadas na problemática en que se se basea esta queixa e é necesario dar un papel significativo ao labor educativo e de sensibilización á cidadanía de que maltratar non significa só violencia extrema, senón que abrangue actuacións máis habituais do desexable.

Por outra banda, con respecto aos animais que son obxecto dun trato apropiado, han de establecerse as normas necesarias para que a convivencia cidadá e cos animais, e no que atinxe principalmente os de compañía, sexa cordial e fluída; normas referidas a determinadas obrigas que as persoas donas ou posuidoras deles deben cumprir, tales como a adopción das medidas necesarias para evitar as molestias e os demais danos que os seus animais poidan provocar, así como a identificación dos seus animais, entre outras.

A exposición de motivos desa norma xa di que quen tome a decisión de incorporar un animal de compañía á súa vida é responsable da súa saúde e do seu benestar e ten que ser consciente e asumir as obrigas e responsabilidades que iso implica, o que está directamente relacionado coa necesaria intervención das administracións públicas implicadas, ás que lles compete realizar un intenso labor de información, educación e sensibilización á cidadanía.

Establécese na dita norma unha regulación de mínimos sobre a tenza de animais potencialmente perigosos, respectando o disposto na normativa estatal na materia, constituída fundamentalmente pola Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos, e polo Real decreto 287/2002, do 22 de marzo, polo que se desenvolve a dita lei.

Cuarta: A Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, no seu artigo 5 dispón:

“Todas as administracións públicas de Galicia cooperarán no desenvolvemento das medidas de defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei e mais na denuncia perante os órganos competentes de calquera actuación contraria ao disposto nela.”

E o artigo 7. Obrigas das persoas propietarias e posuidoras de animais de compañía

“1. A persoa propietaria ou posuidora dun animal é responsable da súa protección e benestar e deberá cumprir con todas as obrigas previstas nesta lei e nas disposicións que a desenvolvan.

2. As persoas propietarias e posuidoras de animais teñen a obriga de garantir as seguintes necesidades básicas:

a) Subministrarlles a alimentación, a auga e os coidados que estean en consonancia coas súas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas axeitados para o seu normal desenvolvemento.

b) Proporcionarlles aloxamento suficiente, cómodo, seguro, ao abeiro das inclemencias meteorolóxicas, e mantelos en boas condicións hixiénico-sanitarias e ambientais, todo conforme a súa etoloxía e as súas características físicas.

...

d) Proporcionarlles o necesario exercicio físico e descanso, de acordo coas súas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas.

e) Proporcionarlles un contorno libre de estrés, medo e sufrimento, así como a posibilidade de interacción necesaria”

O artigo 46. Competencia sancionadora

“1. O procedemento sancionador previsto nesta lei tramitarase de conformidade coa lexislación do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Corresponde aos concellos a incoación e tramitación dos procedementos incoados pola comisión de infraccións tipificadas como leves nas alíneas c), i) e j) do artigo 38 desta lei.

3. Corresponde á consellaría competente en materia de protección animal a incoación e tramitación dos expedientes sancionadores no caso das restantes infraccións cualificadas como leves e polas infraccións cualificadas como graves e moi graves. A incoación e a instrución destes expedientes sancionadores corresponden ás xefaturas territoriais previstas no artigo 35 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, da consellaría competente en materia de protección animal.”

Neste contexto, convén significar que semella acaído combinar a disuasión que supón a imposición de sancións administrativas co exercicio proactivo da sensibilización e concienciación que particulares como neste caso e asociacións veñen desenvolvendo, porque á súa instancia se contribúe a erradicación de moitas das problemáticas que se están a producir.

En definitiva, que as actuacións das administracións han de estar en consonancia coa evolución da sensibilidade social nesta materia, como se recolle no propio texto normativo da Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Cambre o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

“Recordámoslle que de conformidade co disposto na normativa de réxime local e de procedemento administrativo o Concello de Cambre debe tramitar as denuncias sobre incumprimentos das ordenanzas municipais e leis coa dilixencia debida e nos seus correspondentes prazos”



Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo